




ACTA DE REVISIÓN DO CUARTO EXERCICIO REALIZADO DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 12 PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A (6 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2015 E 6 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2016) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLODE LUGO EN QUENDA LIBRE.



Ás 13,30 horas da tarde do día 22 de xullo de 2.019, na Casa Consistorial de Lugo, sita na Praza Maior nº 1 de Lugo, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade das referidas prazas de bombeiro condutor (6 prazas incluídas na OEP 2015 e 6 prazas incluídas na OEP de 2016), pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 21/718 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22 de novembro de 2017 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2018, e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18/02/2009, 26/12/2012, 23/01/2013, 15/10/2014 e 22/03/2017, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, co fin de resolver as reclamacións presentadas polos aspirantes as probas do cuarto exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: Recoñecemento médico, realizado polo Servizo de Prevención de riscos laborais da empresa NORT PREVENCIÓN S.L. "IBERSYS" coa asistencia dos seguintes membros deste que se citan a continuación:

Presidente: Don José Antonio Arias Lombardero, Funcionario de Carreira A2 da Excma. Diputación Provincial de Lugo.

Vogais: Don José Manuel Río Espiño, Oficial da Policía do Concello de Lugo.

Don Manuel Rodríguez Lendoiro, cabo (C2) da Excma. Diputación de A Coruña.

Don Eduardo López Dorado, Bombeiro condutor do Concello de Lugo.

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez (Secretario xeral do Pleno).

O Tribunal por unanimidade acorda:

Primeiro.- Estimar as alegacións/reclamacións presentadas por don Pablo Expósito López no escrito presentado con rexistro de entrada neste Concello o día 3 de xullo de 2019, tras o novo recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de riscos laborais da empresa NORT PREVENCIÓN S.L. "IBERSYS" o día 16 de xullo de 2019 que cualifica o recorrente como APTO.

SECRETARIO XERAL DO PLENO

JDR

Refª: Revisión 4º exercicio proceso selectivo bombero condutor

Asunto: Acta de revisión

Segundo.- O Tribunal acordou publicar a presente Acta na WEB e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levántase a presente Acta as 14 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

O Presidente do Tribunal.

Asdo.: José Antonio Arias Lombardero.

Vogal.

Asdo.: José Manuel Río Espiño.

Vogal.

Asdo.: Eduardo López Dorado.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Asdo.: Manuel Rodríguez Lendoiro.

